

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11870 *Corrección de erros da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.*

Advertidos erros na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 121, do 21 de maio de 2021, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 14, no artigo 3, número 2, onde di: «2. Antes de 2050 e, en todo caso, no máis curto prazo posible, España deberá alcanzar a neutralidade climática, co obxecto de dar cumprimento aos compromisos internacionalmente asumidos e sen prexuízo das competencias autonómicas, e o sistema eléctrico deberá estar baseado, exclusivamente, en fontes de xeración de orixe renovable.», debe dicir: «2. Antes de 2050 e, en todo caso, no máis curto prazo posible, España deberá alcanzar a neutralidade climática, co obxecto de dar cumprimento aos compromisos internacionalmente asumidos e, sen prexuízo das competencias autonómicas, o sistema eléctrico deberá estar baseado, exclusivamente, en fontes de xeración de orixe renovable.»

Na páxina 41, na disposición derradeira novena, na modificación do artigo 38 bis da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, na cuarta liña, onde di: «... Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S.A., SME (Enresa)...», debe dicir: «... Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S.A., S.M.E. (Enresa)...»